



# PROXECTO E-DIXGAL

*CURSO 2022-2023*

*C.E.I.P. P. FELICIANO BARRERA*



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL



**Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega**

Bibliotecas  
escolares  
de Galicia



**UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO**  
*"O FSE inviste no teu futuro"*

## ÍNDICE

<b>ÍNDICE .....</b>	<b>1</b>
<b>1. INTRODUCCIÓN DESCRIPTIVA DO CONTEXTO DO CENTRO.....</b>	<b>2</b>
<b>2. XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA.....</b>	<b>3</b>
<b>3. TECNOLOXÍA E VELOCIDADE DA CONEXIÓN Á REDE DO CENTRO. ....</b>	<b>6</b>
<b>4. MODELO ORGANIZATIVO E METODOLÓXICO PREVISTO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO E PARA GARANTIR A SÚA CONTINUIDADE.....</b>	<b>6</b>
<b>5. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INTERNA DO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO, ESPECIFICANDO OS INDICADORES DE LOGRO VINCULADOS AOS OBXECTIVOS PROPOSTOS. ....</b>	<b>9</b>
<b>6. INFORMACIÓ ADICIONAL DO CENTRO RELEVANTE PARA O PROXECTO.....</b>	<b>11</b>

## **1. Introducción descriptiva do contexto do centro**

O CEIP P. Feliciano Barrera está situado na pequena parroquia de Guláns no concello de Pontearreas. Trátase dun C.E.I.P. composto por dúas unidades de educación infantil e seis unidades de educación primaria. Así mesmo contamos con trece mestres e mestras pertencentes ao noso claustro, ademais contamos dous días á semana cun mestre itinerante pertencente ao claustro do CEIP Plurilingüe Manuel Sieiro de Crecente, unha orientadora que ven dous días a semana do CEIP de Petelos e outra mestra que está dous días no noso centro pertencente ao CEIP de Santiago de Oliveira.

O total do alumnado é de 107 nenos e nenas procedentes principalmente das aldeas máis próximas ao centro. Distribuídos en 31 alumnos/-as de Ed. Infantil e 76 de Ed. Primaria. A relación de alumnado das aulas está entre os 8 e os 19, o cal nos permite unha atención individualizada e un alto coñecemento do alumnado e das súas familias.

Ademais, no curso pasado realizouse no propio centro tres PFPP relacionado coa innovación educativa e as novas tendencias pedagóxicas que redunda de xeito moi positivo nas aulas de infantil e primaria. Este ano desenvolveremos continuaremos co PFPP relacionado coa novas tecnoloxías, o Edixgal e a robótica.

Tamén participamos nos contrato programa, co programa “ARCO” e “PROA+”, do curso pasado, que deu moi bo resultado e este curso solicitamos o PROA+, INCLÚE-T e EMOCIÓN-T. Ademais seguiremos participando no centro nos proxectos de “Introdución a robótica en Primaria” e “Digicraft” impulsados pola Consellería. Por último, destacar a participación este ano do centro na semana da Digitalweek por parte do alumnado de sexto e que estamos incluídos no primeiro listado de centros participantes no programa POLOS CREATIVOS da Xunta de Galicia.

Por outra banda, ampliamos a participación no "Plan galego de potenciación das linguas estranxeiras". Isto implica a transformación do centro en Plurilingüe, este curso coa introdución da materia de Plástica en 2º de Ed. Primaria e continuamos co Pluriinfantil nas tres aulas que temos este curso sumado a ampliación dende fai dous cursos das seccións bilingües na materia de plástica no resto de aulas e a presenza dunha auxiliar de conversa dous días a semana. Coa intención de seguir ampliándoo nos próximos anos.

Ademais o centro está adscrito ao IES Barral, centro que conta co proxecto E-dixgal, polo que este proxecto axuda ao alumnado á súa introdución no E-dixgal.

## 2. Xustificación do programa

Na actualidade, temos a responsabilidade de facer aos nosos rapaces competentes no dominio das TICs, xa que forman parte cada vez máis da nosa vida cotiá e que cada vez é máis necesario ter os coñecementos básicos para: crear un documento, enviar un correo electrónico, cubrir un impreso...

Nun contexto educativo sólido as Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICs) poden axudar aos estudantes a adquirir as capacidades necesarias para ser:

- Competentes para utilizar tecnoloxías da información.
- Buscadores, analizadores e avaliadores da información.
- Solucionadores de problemas e tomadores de decisións.
- Comunicadores, colaboradores, publicadores e produtores.
- Cidadáns informados, responsables e capaces de contribuír á sociedade.

Por outro lado, é misión da escola dotar ao noso alumando das ferramentas necesarias que garantan a súa autonomía e iniciativa persoal e que saiban en todo momento tomar as decisións correctas diante do enorme caudal de información que aportan estas ferramentas. Hai que ter en conta que non todo o que hai na rede é bo nin todo cumpre cuns estándares mínimos de calidade.

Por outra banda, no punto XI do preámbulo da Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro (LOMCE) vixente como último curso, para a mellora da calidade educativa dise sobre as novas tecnoloxías:

“A incorporación xeneralizada ao sistema educativo das Tecnoloxías da Información e comunicación, que terán en conta os principios de deseño para todas as persoas e accesibilidade universal permitirá personalizar a educación e adaptala ás necesidades e ao ritmo de cada alumno e alumna...”

Ademais, as novas tecnoloxías reciben moita importancia no *DECRETO 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, aparecendo como un dos obxectivos da Ed. Primaria:

“Artigo 3. Obxectivos da educación primaria(...)

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante os mensaxes que reciben e elaboran.”

Tamén aparece en todas as materias, nalgún dos seus bloques e esta en dúas das Competencias Clave da educación:

- *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía CMCT.*
- *Competencia dixital CD.*

Polo tanto, á marxe da necesidade desde o centro de formar nas novas tecnoloxías como vimos anteriormente, o uso de materiais dixitais na clase e a súa utilización queda totalmente enmarcada e xustificada na lexislación actual para a etapa de Educación Primaria e resulta necesaria xa que se trata de competencias, contidos e obxectivos a desenvolver polo alumnado.

En certo modo, pénsase que as xeracións nadas neste século teñen o control das tecnoloxías por nacemento. Isto pode ser unha realidade nun entorno urbano, pero non é así no entorno rural. A tecnoloxía está sendo un recurso máis de diferenciación entre o alumnado que ten máis necesidades, que de aproximación ou axuda, debido á súa falta de medios. Este proxecto E-dixgal vai permitir poder dotar de coñecementos básicos a todos os nenos e nenas e poder evitar esta **fenda dixital** que moito alumnado presenta debido ás súas necesidades.

Tamén hai que destacar, que como xa mencionamos antes, o noso alumnado está adscrito ao IES Barral, o cal antes de ter E-dixgal mostraba nas reunións de coordinación co noso centro a desvantaxe que presentaba o noso alumnado en coñecementos informáticos con respecto a outros centros adscritos. Isto fíxonos traballar para mellorar a competencia Dixital no noso centro nos últimos anos, con medidas como:

- Realización de PFPP por parte do profesorado do centro para descubrir formas de introducir as TIC nas nosas programacións con novos conceptos no uso de tablets na aula e en innovación educativa.
- Creación dun horario para ir todos os cursos á aula de informática e creación duns obxectivos mínimos por curso.
- Selección de Informática como materia de libre configuración do alumnado de 6º e 4º durante este curso.

A pesar de todas estas medidas seguimos comprobando que un dos maiores problemas que presenta o alumnado para superar a fenda dixital é a falta de equipamento informático nos seus fogares e de aí a importancia de dotar ao centro e ás familias dos

equipamentos e ferramentas necesarios para suplir esta carencia. Tamén consideramos que é importante participar neste proxecto para poder dispoñer de materiais dixitais para desenvolver e adaptar o currículo, o cal facilitaría e animaría ao profesorado a usar as novas tecnoloxías na aula.

Para finalizar elaboramos una táboa DAFO para analizar a realidade do noso centro ante este proxecto e poder tomar decisións de futuro.

DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> <li>• O nivel en informática do profesorado é medio.</li> <li>• O sistema operativo Linux provoca un rexeitamento de inicio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Varios profesores non teñen a competencia dixital suficiente.</li> <li>• As familias carecen da información axeitada sobre o proxecto.</li> <li>• A pesar dos esforzos do centro o nivel informático do alumnado é baixo.</li> </ul>
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• O proxecto dota de todo o material necesario tanto ao centro como ás familias.</li> <li>• O feito de que todos os alumnos dispoñan do mesmo equipamento favorece a igualdade de oportunidades.</li> <li>• A gratuidade do proxecto representa un aforro importante para as familias.</li> <li>• Tanto profesores como alumnos poden traballar indistintamente con varias editoriais.</li> <li>• A aplicación EVA Offline permite traballar no domicilio do alumno, aínda que non teña conexión a internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os alumnos mellorarán a súa competencia para traballar con E-dixgal no IES Barral.</li> <li>• Un alto porcentaxe do alumnado manexarase sen problema coas novas tecnoloxías.</li> <li>• Teremos unha mellora nas familias e na súa competencia dixital.</li> </ul>

### 3. Tecnoloxía e velocidade da conexión á rede do centro.

No centro contamos cunha conexión “Radio RED:ES PMW\_500M\_500M” gracias a que participamos no proxecto da Xunta “Escolas conectadas”, cunha velocidade superior aos 100 Mbps.



Ademais contamos cun sistema de rede wifi con routers en todas as aulas do centro e este ano cambiáronnos a rede sobre o acceso de respaldo por instalación dun acceso 4G.

### 4. Modelo organizativo e metodolóxico previsto para o desenvolvemento do proxecto e para garantir a súa continuidade

No centro contamos cun Equipo de dinamización das TIC encargado de promocionar e de facilitar o uso das TIC dentro do centro. Esta comisión réunese con carácter xeral ao igual que as demais comisións de dinamización, sendo unha vez ao mes mínimo pero aínda que na maioría dos meses serán dúas veces.

As TIC son medios e recursos máis complexos que os coñecidos tradicionalmente, que requiren unha aprendizaxe previa de manexo para utilizalos como ferramentas e instrumentos ao servizo das programacións de aula (currículo), da metodoloxía e didáctica escolar. Necesitamos coñecer os soportes físicos dos equipos informáticos. EDI(Hardware) aprender como funcionan os sistemas operativos e os programas (Software) e, posteriormente, utilizalos para integrar o ordenador nas actividades da aula.

O alumnado debe terá acceso directo ao equipamento, deben poder manexalos utilizándoos para a función docente específica pero tamén investigando outras posibilidades. Para iso deben manexar con axilidade este equipamento e aproveitar as ferramentas para a elaboración de traballos. O centro facilitará o emprego da aula virtual Moodle e de Aqueiro como repositorios para aproveitar todos os recursos que nos ofrece a Consellería.

## ORGANIZACIÓN DE RECURSOS HUMANOS

O profesorado participante no proxecto participa nas actividades formativas que se programan para os centros participantes en E-Dixgal. Ademais, a maioría do profesorado do centro, implicase tamén axudando a poñelo en marcha e participa no proxecto de formación sobre E-Dixgal para garantir a súa permanencia ao longo dos catro anos.

Ademais contamos coa aprobación unánime de Claustro e do Consello escolar polo que é un apoio tanto do profesorado, como das familias e as institucións, o que garanta a continuidade do proxecto.

O coordinador, Jorge Agustín Vázquez Blanco, comprométese a formarse na formación técnica dos elementos do Proxecto e transmitir os coñecementos ao resto do profesorado implicado no Proxecto, así como a distribuír e organizar o traballo, na medida das súas posibilidades. Na medida que o permita o seu horario, e cando os titores/-as así o requiran contarán coa súa presenza na aula, para axudar e solucionar as dúbidas que puidesen xurdir.

O profesorado que imparte materias en quinto e sexto de primaria comprométese a levar a cabo o Proxecto, involucrándose e participando de maneira activa na súa posta en marcha e no seu desenvolvemento. Reunirase con certa periodicidade para avaliar o proceso, comentar os posibles problemas que poden xurdir e procurar as mellores solucións.

Ademais contamos coa colaboración das familias, que no noso centro son moi participativas e sempre amosan boa predisposición a aprender e participar en todos os proxectos do centro.

En canto ao alumnado, preveranse as tarefas que realizarán e o seu nivel de autonomía: libre (segundo a súa iniciativa realizando actividades polas que sente maior interese), semidirixido(empregando o material como queiran pero coa finalidade de desenvolver un traballo concreto ou proxecto encargado polo profesor/-a) ou dirixido (segundo as instrucións específicas do profesor).

Teranse en conta as interaccións de cada estudante co programa, cos compañeiros, co profesor, cos materiais e tamén as agrupacións (gran grupo, pequeno grupo, parellas, individual ...) sempre que se permita pola situación actual de COVID-19.



## ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS ESPACIAIS E MATERIAIS

A aula de 5º e 6º de primaria onde se vai desenvolver o proxecto están situadas no primeiro edificio do cole, no segundo andar.

Estableceranse protocolos claros e simples para o reparto de ultraportátiles e unhas normas de emprego ANEXO I e II deste proxecto.

## ORGANIZACIÓN TEMPORAL

Nas aulas nas que se desenvolva o proxecto, o alumnado seguirá o horario establecido no centro, que está plasmado na PXA e publicado na Web do centro.

Dentro de cada sesión os profesores deberán marcar os tempos que dedicarán ás distintas actividades virtuais, á utilización do software dispoñible, á procura de información, á creación de novas actividades virtuais... segundo establezan na súa programación.

## METODOLOXÍA

A metodoloxía utilizada será activa e participativa. Todo o alumnado se beneficia deste novo recurso, o que axuda súa participación. A proposta metodolóxica deste proxecto está baseada nunha serie de principios facilmente apreciábeis durante o desenvolvemento da mesma:

- Principio de descubrimento: descóbrese mediante a intuición (o coñecemento directo).
- Principio de flexibilización: non todos os alumnos teñen o mesmo ritmo e iso habemos de respectalo.
- Principio de individualización: en estreita relación co principio anterior, habemos de ter presente as distintas posibilidades de cada neno/-a.
- Principio de socialización: fomentamos a autonomía persoal, ao mesmo tempo que a aprendizaxe para respectar e convivir cos demais.
- Principio de motivación: fundamental para a construción de calquera aprendizaxe significativa.
- Principio significativo: comézase por medidas de actuación moi sinxelas.

Estes principios determinan as pautas de actuación que rexerán a nosa intervención educativa, sempre axeitada e axustada ás necesidades do alumno/a. Pretendemos:

- Espertar o interese do alumno co uso do EVA

- Estimular a súa curiosidade e o seu interese na resolución de conflitos.
- Utilizar métodos activos baseados na experiencia e investigación do propio alumno.
- Tratar os temas de xeito interdisciplinar.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Utilizar unha variada gama de recursos que aporten información e facilitar o manexo dos ordenadores e a realización das actividades.
- Adaptar os temas ás necesidades especiais de certos grupos de alumnos.

## ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As TICs proporcionan múltiples funcionalidades ás persoas que requiren unha atención especial, ao facilitar:

- A motivación e comunicación.
- O acceso á información.
- O desenvolvemento cognitivo.
- A adaptación da aprendizaxe a distintos ritmos.
- A adaptación e a autonomía

### **5. Procedemento de avaliación interna do desenvolvemento do proxecto, especificando os indicadores de logro vinculados aos obxectivos propostos.**

A avaliación é unha ferramenta imprescindible que en continuo proceso de retroalimentación axuda a detectar os posibles erros e as deficiencias no programa para así poder introducir as modificacións precisas que contribúaná mellora e ao progresivo perfeccionamento do mesmo.

Atenderá a todos os elementos que conforman o proceso (alumnos, profesores, familias, espazos, actividades, materiais ...)

Para obter información empréganse procedementos tanto formais como informais (reunións de avaliación mensual dos profesores que imparten docencia nas aulas do proxecto, caixa de correos de suxerencias, enquisas ...)

A avaliación levarase a cabo durante o desenvolvemento de todo o programa, ao inicio do mesmo, para analizar o punto de partida dos distintos elementos que o compoñen (avaliación inicial), durante o seu desenvolvemento (avaliación continua) para detectar fallos

e/ou resultados por debaixo das expectativas previstas co obxecto de introducir as modificacións que se consideren oportunas (avaliación formativa), e ao final do programa (avaliación sumativa) para ver en que medida se conseguiron os obxectivos previstos.

Realizarase polo tanto unha avaliación periódica, formativa, continua e sistemática a diferentes niveis, con implicación de diferentes axentes, dirixida aos diversos sectores que conforman a Comunidade Educativa e coa utilización de metodoloxía específica.

A responsabilidade da avaliación do proxecto estará na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

### TIPOS DE AVALIACIÓN

- Interna: Realizada polos participantes no proxecto.
- Individual: mediante cuestionarios persoais.
- Colectiva: a través de debates e postas en común en niveis, ciclos, CCP.
- Cuantitativa: reflectindo datos estatísticos dos distintos criterios valorados.
- Cualitativa: reflectindo opinións sobre o grao de consecución dos criterios.

### CRITERIOS

- Grao de desenvolvemento do proxecto e a súa adecuación ao contexto da aula.
- Grao de implicación do profesorado na súa aplicación .
- Grao de satisfacción do alumnado e profesorado.
- Recursos tecnolóxicos empregados.
- Modelos didácticos deseñados e aplicados na aula: tipos.
- Grao de utilización dos recursos por áreas.
- Grao de utilización dos recursos por aula.
- Grao de formación adquirido polo profesorado.
- Grao de consecución dos obxectivos do currículo do alumnado.

### INSTRUMENTOS

- Cuestionarios en liña elaborados para esta avaliación.
- Material elaborado e estratexias deseñadas.

## **6. Información adicional do centro relevante para o Proxecto**

Somos un centro pequeno e atopámonos nun entorno moi rural.

O noso alumnado adoita ter moitas menos oportunidades que o alumnado dos centros máis grandes e os centros que se atopan en zonas máis urbanas.

Non teñen acceso a un transporte público de calidade que os conecte coas cidades máis próximas, non están preto de cines, bibliotecas, teatros ...

O alumnado que dispón de conexión a internet na casa, ten unha velocidade moi baixa (como en toda esta zona). Isto fai que só no centro teñan a oportunidade de facer determinadas actividades, xogos, visualizacións ...

Creemos que a participación neste proxecto, ademais de tódalas vantaxes propias do uso das TIC e de todo o exposto nos anteriores puntos, no noso centro pode contribuír en grande medida nos seguintes aspectos:

- Diminución das desigualdades sociais, económicas e culturais entre o alumnado do centro.
- Diminución das desigualdades sociais, económicas e culturais con respecto aos nenos e nenas doutros centros maiores e/ou máis urbanos.
- Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Achegamento de moitas familias do rural ao actual mundo dixital.
- Motivación do alumnado con máis dificultades e do alumnado en risco de exclusión social.
- Posta en valor do centro e, polo tanto, maior sentido de pertenza e maior implicación das familias no proceso educativo dos seus fillos.

## **ANEXO I**

### **GUÍA DE MANTEMENTO E COIDADADO DOS PORTÁTILES**

Este documento pretende regular o funcionamento do equipamento da aula EDIXGAL tanto para o alumnado como para o profesorado así como as responsabilidades derivadas dun mal uso do material EDIXGAL sen prexuízo do estipulado no decreto 230/2008, do 18 de setembro, polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este equipamento é propiedade da Consellería de Educación.

As sancións que se poderán contemplar, en función da gravidade da falta ou incumprimento da normativa serán, entre outras, as que a continuación se sinalan:

- a) A retirada de privilexios de utilización do portátil.
- b) A retirada temporal ou definitiva do portátil.
- c) Unha sanción económica que se determinará en cada caso tendo en conta a natureza e gravidade do dano causado.
- d) Calquera outra aprobada polo Consello Escolar e que se inclúa no NOF do centro.

## **NORMAS PARA O ALUMNADO**

Ademais da normativa de uso xeral vixente, estes ordenadores, e en xeral todo o equipamento, están suxeitos, dada a súa especificidade, a unha normativa propia e complementaria que aquí se explica:

1. O profesor repartirá a cada alumno o portátil do carriño segundo a orde indicada polo profesor para facilitar a identificación do portátil que lle corresponde. En ningún caso se levantará o alumnado a coller do carro ningún equipo.

2. Cada ordenador portátil ten unha etiqueta co número que lle corresponde a cada alumno e sempre se collerá o portátil que se corresponda co seu número para que exista unha responsabilidade persoal no coidado do mesmo.

3. O alumno non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesor, unha vez rematada a exposición do traballo que van a realizar.

4. Non se colocarán obxectos de ningunha clase sobre o portátil nin cando estea aberta nin cando estea pechada a tapa.

5. A pantalla é táctil. Pode tocarse cos dedos, pero se recomenda o uso dun rato para evitar danos e sucidade nas mesmas.

6. Cando o profesor teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación pode requirir ao alumnado que baixe as tapas dos portátiles sen chegar a pechalos de xeito que estes non entren en estado de suspensión.

7. Cada alumno é responsable do portátil que se lle asigna.

8. Cada alumno será responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas e arquivos, velando polo seu orde, a súa conservación e tamén de gardar o traballo e, se é o caso, de apagar correctamente o portátil ao finalizar a clase.

9. Os alumnos que teñen que devolver o portátil ao carriño, cando así o indique o profesor será entregado ao profesor a última hora.

10. O equipo é responsabilidade do alumno para o traballo de clase, ante calquera incidencia deberá seguir o protocolo estipulado para as incidencias.

11. Para que unha alumna ou alumno poida levar o portátil á súa casa a súa nai/pai/titor legal terá que asinar no centro, en presenza do coordinador EDIXGAL, ou dalgún membro da directiva do centro, o Acordo de cesión de uso do portátil.

12. O ordenador é unha ferramenta máis na aula. Corresponde ao profesor determinar o tempo e xeito de utilización do mesmo.

13. O feito de non aceptar estas normas ou de non respectalas trae consigo a restrición ou perda dos privilexios de acceso ao mesmo.

### **Coidados básicos do portátil.**

a) Cando se estea a traballar co equipo, deberá de colocarse nun lugar estable a salvo de posibles incidencias: caídas, golpes, evitando caídas de obxectos sobre el e de calquera outra circunstancia na que perigue a integridade física do aparello.

b) Non se pode comer nin beber cando se está a utilizar o portátil. O alumnado debe respectar unha correcta hixiene nas mans.

c) Non se pode coller o portátil pola pantalla, sempre debe transportarse colléndoo pola base.

d) Evitar a exposición do portátil ao sol, á chuvia e ás fontes de calor; por exemplo, non colocalo a carón dun radiador.

e) Cando o/a alumno/a teña que ausentarse temporalmente da aula, baixará totalmente a tapa do portátil para evitar posible golpes e aferrar batería.

f) Os portátiles que permanecen no centro terán que estar no carriño de carga cando remate a última sesión de cada mañá ou da tarde, e procurando que estea en disposición para a carga da batería.

g) Cando haxa que trasladar o portátil polo centro deberá de facerse con todo o coidado posible, evitando correr e procurando levalo ben suxeito.

## **Responsabilidades derivadas do uso do portátil**

Cada alumno/a é totalmente responsable do que faga co seu portátil. Terán consideración de faltas graves ou moi graves, en función das circunstancias na que se producen os feitos e das súas consecuencias, as seguintes:

a) Modificar a configuración do sistema operativo e violar as restricións que teña o portátil.

b) Calquera intento de danar equipos, materiais, datos ou programas, será sancionado polo Regulamento de Réxime Interior do Centro. O vandalismo implicará á cancelación dos privilexios de uso do portátil e a obriga de reposición dos custos orixinados pola reparación do hardware, software ou sistema.

c) Están prohibidos os intentos de ver, copiar, modificar ou interferir o correo electrónico ou os ficheiros doutros usuarios. O incumprimento desta norma será obxecto das sanción disciplinarias que se contemplan no Regulamento de Réxime Interior da centro.

d) Deberase empregar unha linguaxe apropiada; as palabras malsoantes, os insultos racistas e calquera outra expresión inadecuada están prohibidas e serán obxecto das correccións disciplinarias establecidas ao respecto na NOF.

e) Transmitir ou ver imaxes obscenas ou material ilegal.

f) Revelar información persoal.

g) A falsificación ou o seu intento.

h) Os intentos de degradar ou interferir o sistema, serán contemplados coma unha violación das directrices suxeita a lexislación vixente.

i) Finxir ser outra persoa cando se envían ou reciben mensaxes.

j) O sistema/rede non poderá ser utilizado con propósitos ilegais.



## ANEXO II

### PROTOCOLO DE INCIDENCIAS

- En caso de avaría, ou actualización de software é probable que o ordenador se formatee e reinstale de forma automática. Por iso deberase facer sempre que se poida unha copia de seguridade dos contidos do ordenador, de momento nun lapis ou no almacenamento na nube.
- No intre no que se produza a avaría notificarase esta, o máis axiña posible, ao coordinador EDIXGAL. Tamén o máis axiña posible, este fará un primeiro diagnóstico e tratará de resolver a incidencia. Se é o caso, procederá a volcar a imaxe dende o servidor.
- O responsable último do mantemento dos portátiles é a Consellería de Educación. Quere isto dicir que se o problema non se soluciona co volcado da imaxe, por exemplo por un problema físico, esta incidencia será posta en coñecemento da UAG PREMIUM quen procederá segundo os seus protocolos.
- As avarías como consecuencia dun uso indebido non van estar cubertas pola garantía polo que o alumnado incorrerá en responsabilidade que pode ser sancionada en función do que se explícita neste protocolo, sen prexuízo das normas estipuladas no NOF do centro ou dos procedementos legais oportunos.

